



PREGUNTAS FRECUENTES (FAQ)

PEL - REACTIVA

FONDO DE FINANCIAMIENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DA PROVINCIA DA CORUÑA, DESTINADO AOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES

Contido

1. QUÉ É PEL- REACTIVA?	3
2. A QUEN SE DIRIXEN AS AXUDAS?.....	3
3. QUE REQUISITOS SE DEBE CUMPRIR PARA SER BENEFICARIO/A?.....	4
4. QUEN ESTÁ EXCLUÍDO?	5
5. QUE DOCUMENTACIÓN DEBO PRESENTAR PARA SOLICITAR A AXUDA?	5
6. QUE IMPORTE DE SUBVENCIÓN RECIBIRÁN AS PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS?	6
7. CAL E O PERÍODO SUBVENCIONABLE PARA AS PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS?	7
8. QUÉ SE LLES SUBVENCIONA ÁS MICROEMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS?.....	7
9. COMO SE XUSTIFICAN OS GASTOS?	8
10. CRITERIOS DE VALORACIÓN	9
A) DATA DE REFERENCIA PARA OS CRITERIOS DE VALORACIÓN.....	9
B) EMPREGO DA LINGUA GALEGA.....	9
C) ACREDITACIÓN DE COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES.....	9
D) CÓMPUTO DE PERSOAS TRABALLADORAS DE XORNADA PARCIAL A COMPLETA	9
11. RÉXIME DE MINIMIS.....	10

1. QUÉ É PEL- REACTIVA?

PEL-REACTIVA é o Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da provincia da Coruña, e constitúe a nova liña de axudas do Plan de Emprego Local 2020.

Esta liña xurde co afán de colaborar cos concellos en impulsar a actividade económica e o emprego no seus termos municipais e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID- 19, nas microempresas e persoas profesionais autónomas, principal motor de desenvolvemento económico e alicerce fundamental do tecido empresarial da provincia.

A través deste Fondo, os concellos de menos de 50.000 habitantes disporán dos recursos económicos necesarios para a convocatoria de axudas dirixidas ás persoas profesionais autónomas e microempresas, sustento das súas economías locais, para contribuír así á súa pronta recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico da nova era post COVID-19.

Está concibido como unha medida extraordinaria para axudar aos concellos a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia do COVID-19, nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do seus termos municipais.

As persoas profesionais autónomas e microempresas constitúen a base fundamental sobre a que se sustenta a economía a todos os niveis, desde o local ao europeo. Nos 90 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, hai máis de 50.000 persoas traballadoras autónomas e microempresas afectadas gravemente por esta situación, atopándose nunha difícil conxuntura a súa sustentabilidade económica e viabilidade a curto prazo e, por ende, o mantemento e a creación de emprego a nivel local e na provincia en xeral. Así, a deputación quere apoiar firmemente o traballo dos profesionais autónomos e das microempresas axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a reactivación económica.

Agora máis que nunca o PEL amosa o seu apoio ao tecido empresarial da provincia e insúflalle os folgos necesarios para a súa supervivencia a través da creación deste Fondo de Financiamento para a reactivación económica da provincia da Coruña, xestionado polos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

2. A QUEN SE DIRIXEN AS AXUDAS?

Estas axudas van dirixidas a **persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas**, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

– **Grupo I:** Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo.

– **Grupo II:** Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media

efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para a acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

***A facturación do segundo trimestre fiscal:** Suma da facturación do mes de abril, maio e xuño de 2020

***A media efectuada no semestre natural anterior á declaración:** Media da facturación desde o 13.09.2019 ata o 13.03.2020

– **Grupo III:** Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, do 17 de marzo.

IMPORTANTE: Só se pode marcar unha das opcións dispoñibles no tocante aos grupos de beneficiarios/as. Deberase ter en conta que tal e como establece a Base 6ª, terán prioridade para a concesión, os/as solicitantes pertencentes ao Grupo I de beneficiarios/as que obtiveran maior puntuación.

3. QUE REQUISITOS SE DEBE CUMPRIR PARA SER BENEFICARIO/A?

- Ter o seu **domicilio fiscal** nun dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento.

***Entenderase como domicilio fiscal do/a solicitante** o que consta como tal no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria, polo tanto, a solicitude ha de realizarse no concello no que figure o domicilio fiscal da persoa física ou xurídica solicitante independentemente onde teña o centro de traballo.

- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e coa TXSS.
- Non ter débeda ningunha co concello.
- Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa CC.AA. de Galicia e coa Deputación da Coruña.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 14.

A) Requisitos específicos das persoas físicas

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, **con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.**

B) Requisitos específicos das persoas xurídicas

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición, no rexistro público correspondente, debe ser anterior á entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo.

No tocante á acreditación da personalidade xurídica no **caso das sociedades civís**, terase en conta o especificado nas Instrucións da AEAT *CUESTIONES CENSALES EN RELACIÓN CON LA MODIFICACIÓN EN LA TRIBUTACIÓN DE LAS SOCIEDADES CIVILES CON OBJETO MERCANTIL:*

"....Desde el Departamento de Gestión Tributaria se han emitido las siguientes instrucciones para determinar ante qué tipo de entidad nos encontramos.

De acuerdo con la doctrina y las consultas de la Dirección General de Tributos:

1) Si la entidad se manifiesta como sociedad civil ante la AEAT en el momento de solicitar el NIF (mencionándolo así en el acuerdo de voluntades) se debe considerar que tiene la voluntad de que sus pactos no se mantengan secretos, lo que le otorgará personalidad jurídica y por tanto, la consideración de contribuyente del Impuesto sobre Sociedades (siempre que tenga objeto mercantil en los términos que se señalan a continuación). En este caso se otorgará un NIF "J" de Sociedad civil.

2) Si la entidad no se manifiesta como una sociedad civil ante la AEAT en el momento de solicitar el NIF, sino que se manifiesta como cualquier otra entidad sin personalidad jurídica del artículo 35.4 LGT (mencionándolo así en el acuerdo de voluntades), se debe considerar que tiene la voluntad de que sus pactos se mantengan secretos, lo que no le otorgará personalidad jurídica y por tanto, no se considerará contribuyente del Impuesto sobre Sociedades. En estos casos, podemos estar en presencia de una comunidad de bienes, de una herencia yacente o en presencia de cualquier otro ente sin personalidad jurídica. A todos ellos se les otorgará un NIF "E", cualquiera que haya sido la denominación de dicho ente (diferente de sociedad civil) por el solicitante del NIF."

Polo exposto, as sociedades civís que acrediten a súa personalidade xurídica de conformidade ao establecido no apartado 1) da dita instrución, poderán ser beneficiarias das axudas PEL REACTIVA.

4. QUEN ESTÁ EXCLUÍDO?

Quedan expresamente excluídas destas axudas as asociacións, as comunidades de propietarios, en réxime de propiedade horizontal, as administracións públicas, organismos públicos, entes dependentes, as congregacións e institución relixiosas, as Unións Temporais de Empresas, as comunidades de bens, as herdanzas xacentes así como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta.

Tal e como especifica a Base 4.2 A) Requisitos específicos das persoas físicas, os/as beneficiarios/as das axudas deberán estar dados de alta no RETA ou en calquera outro por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista do colexio profesional, con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. **Os autónomos colaboradores non poden solicitar as axudas ao non ser titulares da empresa.**

A solicitude deberá presentala o titular do negocio sempre e cando estea dado de alta tal e como se especifica na dita base. En caso contrario, non podería realizarse a solicitude.

5. QUE DOCUMENTACIÓN DEBO PRESENTAR PARA SOLICITAR A AXUDA?

Documentación común a todos os grupos de beneficiarios/as:

- NIF/NIE ou CIF segundo corresponda
- Designación de conta bancaria segundo o modelo normalizado do Concello:
- Anexo VIII: solicitude da axuda (**nos concellos que teñen a sede electrónica coa Deputación, este anexo é a propia solicitude telemática**)
- Anexo IX: declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas

Beneficiarios/as do Grupo I:

- Certificado actualizado de Situación Censual da AEAT
- O informe de vida laboral da empresa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as, tal e como se especifica nas bases reguladoras, obrigatoriamente ha de comprender dende o 1 de marzo de 2020 (ver Anexo IX) e ata a data máis próxima á data de presentación da solicitude para que sexa o máis actualizado posible (Base 4.3). Para maior aclaración a este respecto, os concellos, tal e como se establece no Anexo IX, poderán requiririlles aos solicitantes, o/os contrato/s de traballa dos/as asalariados/as ao seu cargo.

Beneficiarios/as do Grupo II:

- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, acreditación da redución de ingresos dende os seis meses previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.

Neste senso, tendo en conta que o estado de alarma decretouse o 14 de marzo, **o semestre natural anterior computaría do 13 de setembro de 2019 ao 13 de marzo de 2020.**

A acreditación do cumprimento para ser beneficiario/a do Grupo II, ha de realizarse mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro de rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.

No caso dos autónomos/as que non estean obrigados a levar os ditos documentos de contabilidade (sistema de módulos ou sector de Educación ou Sanitario), se admitirá a xustificación a través de documentos mercantís de anulación de subministracións por provedores, anulación de citas de clientes ou por medio de calquera outra proba admitida en dereito.

Así mesmo, o concello poderá realizar todas aquelas comprobacións que estime oportunas no tocante ao cumprimento dos requisitos e obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas.

Beneficiarios/as do Grupo III:

- Ademais da documentación indicada para o Grupo I, o documento acreditativo da situación de ERTE

6. QUE IMPORTE DE SUBVENCIÓN RECIBIRÁN AS PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS?

O importe da subvención determinarase conforme aos seguintes criterios:

- Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vira reducida, polo menos nun 75% en relación coa media**

de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: **1.500 euros.**

- b. **Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo semestre fiscal de 2020, se vira reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se viran na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:**
- Un só traballador/a: **2.000,00 euros**
 - Entre 2 e 5 traballadores/as: **2.500,00 euros**
 - Entre 6 e 9 traballadores/as: **3.000,00 euros**

Para as microempresas sen traballadores/as ao seu cargo, afectadas polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aquelas que non se visen afectadas polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vira reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, a contía será de 1.500 euros, ao entenderse como unha situación análoga á de autónomo/a sen traballadores/as a cargo na mesma situación.

7. CAL E O PERÍODO SUBVENCIONABLE PARA AS PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS?

O período subvencionable abarcará dende o mes de marzo de 2020 (incluído) e ata o 31 de decembro de 2020.

Só serán subvencionables os gastos efectivamente pagados dentro do período subvencionable.

8. QUÉ SE LLES SUBVENCIONA ÁS MICROEMPRESAS E PERSOAS AUTÓNOMAS?

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que se encontren dentro dos seguintes conceptos de gasto:

601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo

	<p>*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking.</p> <p>*O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.</p>
622	<p>Reparación e conservación</p> <p>Adaptación de locais ás medidas de protección fronte ao COVID-19 (mamparas de protección, etc.). Gasto directo</p>
625	<p>Primas seguros</p> <p>Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo</p>
628	<p>Subministracións</p> <p>Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo</p>

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 euros.

9. COMO SE XUSTIFICAN OS GASTOS?

O pagamento dos gastos subvencionables, deberá acreditarse de conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións do concello, se estivese aprobada.

No caso de que non o estivese, ta e como establece a Base 16ª Normativa aplicable, rexe a Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña (BOP nº72 de 15 de abril de 2019), en concreto o artigo 24.2 que establece o seguinte:

"...acreditado mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo); non obstante, para os pagamentos de gasto que non excedan de 150 euros abondará co recibí do perceptor inserido no propio documento de gasto".

10. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A) DATA DE REFERENCIA PARA OS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para a valoración dos criterios de valoración establecidos na Base 6.1, terase en conta a data de publicación da convocatoria específica de axudas do concello no que se realiza a solicitude.

B) EMPREGO DA LINGUA GALEGA

O emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, deixa a xuízo dos concellos a concreción neste senso, que en todo caso, ha de realizarse tendo en conta a vixente normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega no ano 2003 e a disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.

En definitiva, poderán valorarse neste marco, todos aqueles aspectos que supoñan unha acción positiva a favor da lingua galega por parte dos solicitantes das axudas e que coa escolla lingüística contribúan a demostrar que o galego serve para comunicarse, máis tamén para transmitir valores como o de calidade, compromiso, seriedade e respecto pola diversidade social e cultural (p.ex: contratos de auga, luz e outras subministracións, en galego; facturación clientes e provedores en galego, contratos de arrendamento en galego; documentos e materiais en galego, así como toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade de calquera tipo).

C) ACREDITACIÓN DE COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES

Para acreditar a condición de persoa discapacitada deberá presentar o certificado de discapacidade emitido pola administración competente.

No referente a acreditación da condición de menor de 30 anos poderá presentarse o DNI da persoa traballadora ou contrato de traballo no que conste a data de nacemento.

D) CÓMPUTO DE PERSOAS TRABALLADORAS DE XORNADA PARCIAL A COMPLETA

Para a valoración dos criterios de valoración 3, 4 e 5, deberase facer cálculo da puntuación por traballador/a, tomando como referencia o contrato a xornada completa (40 horas semanais).

C 3. Nº de mulleres contratadas

C 4. Nº persoas discapacitadas contratadas

C 5. Nº menores de 30 anos contratados/as

Para a valoración do criterio 1 referido ao **tipo de empresa**, **non se aplica este cómputo**, xa que se valorará en función do nº de persoas contratadas, independentemente da modalidade do contrato.

Só computan os traballadores por conta allea, polo tanto, **non computan os/as autónomos/as colaboradores/as**.

11. RÉXIME DE MINIMIS

A obrigatoriedade establecida no punto 5 da Base 14ª:

4.Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.

Hai que relacionala con dúas consideracións:

1ª) Compatibilidade da axuda

De acordo co indicado no último parágrafo último parágrafo da Base 8ª CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE:

"Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000€. O importe da axuda a conceder será minorada na cantidade que exceda este límite"

2ª) Posible aplicación dos Marcos Temporais establecidos pola Comisión Europea, xa indicados na Base 16, como normativa de aplicación.

Os marcos temporais na aplicación das normas comunitarias sobre axudas a empresas, foron abertos pola Comisión Europea considerando as circunstancias excepcionais creadas polo brote de COVID-19. Estas axudas a empresas, cando non superen determinados límites, serán compatibles co mercado interior. Os límites haberá que consideralos en función da situación de cada interesado, de conformidade coa normativa de aplicación. Por outra parte, o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, completando a disposición comunitaria, aprobou o Marco Nacional Temporal relativo ás medidas de axuda a empresas e autónomos/as consistentes en subvencións directas, anticipos reembolsables, vantaxes fiscais, garantías de préstamos e bonificacións de tipos de xuro en préstamos destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19.